

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

**CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 23 de novembro de 2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**"5.- Adhesión ao novo convenio de Teleasistencia Municipal coa Deputación Provincial da Coruña. Aprobación.**

*A Deputación Provincial da Coruña presta o servizo de teleasistencia domiciliaria ás persoas non dependentes, residentes nos municipios de menos de 50.000 habitantes que, por razón de idade, enfermidade, diversidade funcional, illamento xeográfico ou desarraigamento social precisen da asignación deste servizo para mellorar a súa calidade de vida, posibilitando, con iso, a súa permanencia na contorna habitual. En consecuencia, este regulamento ten por obxecto regular o funcionamento do Programa de Teleasistencia Domiciliaria (TAD) , e máis concretamente garantir a prestación do servizo de forma correcta, mediante a xestión coordinada pola Deputación cos concellos da provincia e manter a calidade do servizo que se lles vén prestando ás persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais, segundo o artigo 4º da LSSG.- Principios xerais dos servizos sociais, réxese polos principios de: universalidade; prevención; responsabilidade pública; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; participación; integración e normalización; globalidade; descentralización e proximidade; coordinación; economía, eficacia e eficiencia; planificación; avaliación e calidade.*

*O servizo de teleasistencia ten carácter gratuíto para a persoa usuaria e financiarase con fondos propios da Deputación, dotando economicamente no seu orzamento anual os créditos correspondentes ao financiamento do programa, sempre tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias da institución provincial.*

*No BOP número 246 de 31 de decembro do 2019 publícanse Aprobación inicial do Regulamento de funcionamento do Programa de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación da Coruña.*

*E vista a proposta do Sr. Alcalde de 11/11/2020, no expte. 2020/A005/000003, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros (7), acorda:*

*Solicitar a adhesión ao citado Programa de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña, comprometéndose a cumprir coas cláusulas do regulamento do programa."*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.  
O alcalde